



IES de Mugardos. Departamento de FILOSOFÍA

MATERIA	Valores Éticos
PROFESORA	Dina Asensio Campazas

Logo 2016-2017: "A pensadora"

ESO

1.º ESO
2016 - 2017

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN : "A dignidade da persoa", 2. "A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais",

2.ª AVALIACIÓN: 3. "A reflexión ética", 4. "A xustiza e a política",

3.ª AVALIACIÓN, bloques: 5. "Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último, 6. "Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía".

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude	20 %		
Conceptos e procedementos	80%	Libreta	50 %
		Traballos/Proxectos	20 %
		Lecturas	10 %

No apartado de actitude valoraranse o cumprimento das catro regras básicas do NOF expostas na aula, a participación, traer o material, os deberes feitos e o traballo na clase.

En relación ao traballo na libreta valoraranse tanto os contidos teóricos (por ex. a correcta resolución de cuestións e preguntas) como os aspectos formais. A lectura, dada a escasa carga horaria da materia, será unha selección de textos feita pola profesora.

Medidas de recuperación: No caso de non chegar ao aprobado cos procedementos de avaliación desglosados anteriormente o alumno poderá aprobar a materia mediante un exame teórico.

Nas probas escritas descontarase 0,1 por faltas graves.

No caso de detectar que se copia nos exames retirarse o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si

PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...

Participación en varias actividades relacionadas coa igualdade o 25 de novembro e nun concurso organizado pola Biblioteca o segundo trimestre.